



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/002265

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (CAMPAÑA DE NADAL. " NOITE BRANCA EN SADA 2023")

Antecedentes:

- 1.- Proposta da Concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá para organizar unha actividade destinada a dinamización do comercio local.
- 2.- Memoria xustificativa na que se recollen as características da proposta e o seu funcionamento.

Bases da convocatoria:

A Concellería de Turismo, Promoción Económica e Participación Cidadá xunto o sector comercial e empresarial do Concello de Sada, co obxectivo de promocionar e potenciar o comercio local e o consumo de proximidade neste municipio, pon en marcha a campaña "Noite Branca en Sada 2023"

1.-Ambito de participación:

Poderá participar calquera establecemento comercial do Concello de Sada.

2.-Data de celebración:

A data de celebración da Noite Branca 2023 será o vindeiro 7 de decembro coincidindo co acto de acendido navideño que se celebra na Praza de San Roque a partir das 19:00 H.

4.- Obxecto de participación:

A finalidade desta campaña e a de potenciar e fomentar a compra nos comercios locais fronte as campañas de venda on line propias destas datas e das campañas feitas polas grandes superficies comerciais.

O Concello de Sada habilitará como máximo 8 postos de venda ambulante de diversas especialidades situados :

- Praza de San Roque.
- Rúa Linares Rivas / Esq. Rúa Cortaduría.
- Rúa Linares Rivas / Esq. Rúa Ponte.
- Rúa Oleiros
- Rúa Río
- Rúa Pontedeume

Os postos serán asignados, segundo orde de presentación e variedade de produtos ofertados.

O formar parte dun evento promovido polo Concello de Sada a fin de potenciar o comercio local e de proximidade, como aliciente a participación cidadá, a instalación destes postos estarán exentos do pago de taxas. Por este motivo o Concello de Sada non facilitara ningunha medida para que estes postos poidan instalarse, debendo facerse responsable cada solicitante do necesario para o desenvolvemento da súa actividade.

O horario de montaxe será dende as 17:00 ata as 22:00 H.

Os interesados deberan presentar a súa solicitude antes do día 2 de decembro do presente ano

no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

5.-Difusión do material de participación:

O Concello de Sada difundirá e promocionará todo o relativo a presente campaña a través da páxina web do concello, redes sociais e outros medios de difusión.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria do evento Noite Branca en Sada 2023.

SEGUNDO.- Publicar as bases na páxina web municipal que será o medio previsto para comunicar publicamente o desenvolvemento desta convocatoria e os seus actos sucesivos (art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) con texto que se recolle neste decreto. \_\_\_\_\_

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.

ASINADO POR Óscar Benito Portela Fernández (DATA: 30/11/2023 10:18:00)

Juan Esteban Méndez Leiva

(DATA: 30/11/2023 09:58:00)

Decreto Número: 2251/2023 - Data do decreto: 30/11/2023

Versión imprimible

CVD: rKKN/Mg+VvhYoQLJX1lh  
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.